

PROXECTO LINGÜÍSTICO DO IES LAURO OLMO

A. LEXISLACIÓN:

Decreto 79/2010 do 20 de maio, (DOG 25 maio de 2010) para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Artigo 14.- Proxecto lingüístico do centro

1.- Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico cada catro cursos escolares, no que se fará constar:a) A decisión do centro respecto da lingua na que se impartirán as materias, de primaria, secundaria e bacharelato.

b) En primaria,secundaria e bacharelato, as medidas adoptadas para que o alumnado, que non teña suficiente dominio das linguas poida aproveitar as ensinanzas que se lle imparten.

c) Nos centros de Formación Profesional e de adultos, procedementos para asegurar a competencia lingüística en ambas as dúas linguas.

B. FUNDAMENTACIÓN

O **Proxecto lingüístico** do noso centro pretende recoller o espírito da lei de fomento do galego sen impoñer, convencendo da necesidade de protexer a lingua galega.

Dende o proxecto pretendemos fomentar a pluralidade da riqueza lingüística e cultural galega.

Necesitamos:

- persoal formado que elabore e corrixa documentos.
- que asesore lingüisticamente e que realice labores técnicos de normalización e de análise da realidade do centro.

É necesaria a implicación progresiva de todos os colectivos do centro neste proceso, partindo da dirección do centro e continuando con toda a comunidade educativa.

Nun primeiro momento fixaremos os obxectivos, os medios para conseguilos e posteriormente faremos una avaliación final para ver o nivel acadado.

C. OBXECTIVOS E ÁMBITOS DE APLICACIÓN

O ámbito do ensino é fundamental para a implantación do uso da competencia comunicativa para a lingua. Adequaremos o noso proxecto ó cumprimento da lexislación sobre o uso da lingua galega no sistema escolar, de xeito que a planificación lingüística se adapte ás características do centro, buscando o obxectivo legal de acadar unha boa competencia comunicativa nas dúas linguas oficiais.

Dende o IES Lauro Olmo plantexamos os seguintes obxectivos xerais:

- ⇒ acadar un uso normalizado do galego no centro.
- ⇒ fomentar o uso progresivo do galego desde a ESO, Ciclos formativos ata o bacharelato .
- ⇒ lograr que o ensino obrigatorio garanta unha competencia comunicativa no idioma galego
- ⇒ ofertar materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz;
- ⇒ deseñar e levar a cabo campañas de sensibilización sobre o uso do galego,
- ⇒ Fomentarase o uso da lingua galega nas actividades complementarias e actos que o centro organice.
- ⇒ Buscar fórmulas de actuación para que os prexuízos lingüísticos detectados non vaian en incremento, e se limen a través da análise, reflexión e diálogo.
- ⇒ Recolleranse na memoria de cada curso escolar, as actividades realizadas para o fomento da lingua.unha avaliación do estado de normalización do centro.

D. ANÁLISE DA SITUACIÓN

Partiremos da análise da situación lingüística do centro, é a maneira de saber de onde partimos.

D-1.- CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO.

Partindo de enquisas realizadas nas aulas entre o alumnado, reflexionando sobre diferentes aspectos: uso, valoración da lingua, prexuízos coas que se enfronta o ámbito educativo, cos datos recollidos, en enquisas, PEC e mapas lingüísticos podemos concluír: podemos concluír:

1.1 Lingua empregada polas familias

- A lingua vehicular coas familias maioritaria do entorno no que se sitúa o centro é o castelán. Destacando que no contorno máis rural, alumnado das parroquias do concello de O Barco, falan maioritariamente en galego.

O grupo de dinamización lingüística do centro coordínase con outros centros do barco e da bisbarra de Valdeorras para realizar actividades en común e para acometer campañas cada ano na procura dunhas metas plantexadas dende inicio de curso.

1.2 lingua empregada polo concello maioritariamente en galego.

1.3 lingua empregada polas entidades asociativas do contorno, nas culturais predomina o galego, nas deportivas o castelán.

Os obxectivos do contorno sociolingüístico son:

- Potenciar fórmulas de cooperación con grupos, asociacións, institucións, etc. do concello e da súa comarca de cara a un traballo conxunto na dignificación da lingua e a cultura galegas, significadamente co Gabinete de Normalización, a Biblioteca pública, a Asociación Cultural Florencio Delgado Gurriarán, o Instituto de Estudos Valdeorreses, o Cineclub Groucho Marx, o Club Pena Trevinca, a Asociación Cultural Xarmenta (O Bierzo) e o grupo de teatro afeccionado Gargallada Teatro.
- Colaborar con outros centros escolares e organismos de cara á realización de accións conxuntas de potenciación da lingua e a cultura galegas.

- Facer propostas para implicar ás familias visibilizando a nosa aposta pola lingua e potenciando valorando o uso escrito e oral da mesma (en recollida de información, valoracións).
- Dar a coñecer á sociedade valdeorresa as actividades do EDLG

D-2. O PROFESORADO

Polo que respecta ao profesorado, e dada á mobilidade do claustro, farase un estudo inicial que deberá servir de guía na elaboración do Proxecto lingüístico anual. A mesma actuación que se propón para o profesorado será a que se siga respecto do persoal de administración e servizos. Deses datos sacamos as seguintes conclusións:

2.1 lingua habitual do profesorado, en torno a un 25% en Galego. Hai que destacar que hai un nº importante de profesorado procedente da comarca leonesa de O Bierzo, que entende galego pero non o fala. Existe un maior nº de profesores e profesoras que se utiliza o galego nas aulas, aínda que non tanto no uso cotián..

2.2 nivel de aptitude e actitude para empregar o galego na actividade docente, en xeral é bo. O profesorado usa maioritariamente o galego na comunicación co alumnado.

- Un dos obxectivos será conseguir que a maioría do profesorado teña plena competencia para desenvolver o seu labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar. I. O Equipo de dinamización lingüística facilitará información e materiais adecuados en función de ditos obxectivos.
- A mellora da competencia lingüística en galego, fomentando a formación. O Equipo de Dinamización Lingüística difundirá e facilitará polas canles axeitadas os materiais de terminoloxía, estilos e linguaxes de especialidade necesarios para que o persoal docente poida desenvolver en galego as súas funcións .
- Nas áreas ou materias impartidas en lingua galega debe procurarse que o alumnado a utilice nas manifestacións orais e escritas. Os materiais que se empreguen estarán normalmente en dita lingua e deben ter a calidade científica e pedagóxica adecuada.

O profesorado adoptará as medidas oportunas coa finalidade de que o alumnado que non teña o suficiente dominio da lingua galega poida seguir con proveito as ensinanzas que nesta lingua se lle impartan.

No caso dos materiais escritos, exames, etc. implica que se lle ofrezan de partida en galego.

D- 3. SITUACIÓN DO ALUMNADO (COMPETENCIA E ACTITUDE)

A competencia lingüística do alumnado valorarase na ESO a través de enquisas e da observación sistemática. As enquisas realizaranse en primeiro da ESO tanto no réxime ordinario como en adultos, para saber o nivel do que partimos, en 4ª por ser un curso final de etapa. En outros cursos faranse estudos: 1º de bacharelato pola incorporación de alumnado novo doutros centros, e en 1º curso de ciclos, pola mesma razón. Ademais teremos una especial dedicación ó alumnado novo que descoñeza a nosa lingua, para que a incorporación ó sistema de ensinanza na nosa comunidade sexa o máis doado.

3.1 lingua habitual na vida cotiá, como xa dixemos no entorno urbano de O Barco fálase máis castelán, Na zona máis rural galego.

3.2 lingua habitual no ámbito familiar

3.3 lingua habitual no ámbito escolar, maioritariamente castelán cos compañeiros.

3.4 competencia comunicativa en galego, é boa.

3.5 actitude cara á utilización do galego no ámbito educativo, por parte do alumnado cumpren a lei pero cústalle facer do uso do galego algo habitual.

- principal obxectivo consiste en lograr que o ensino lle garanta unha boa competencia en lingua galega a todo o alumnado e que repercuta de forma positiva no seu uso, axudando así a superar o desequilibrio social no que se atopan o galego e o castelán.
- Debe procurarse a estimulación no alumnado de actitudes favorables.
- Nas materias impartidas en lingua galega, o alumnado utilizará, con carácter xeral, o galego nas manifestacións oral e escrita. A nosa actuación, en definitiva, vai encamiñada a potenciar o seu valor como identidade e uso nos distintos ámbitos da súa vida cotiá (música, cultura, deporte...) buscar

espazos de reflexión cos que se sintan identificados/as e libres de prexuízos, nas distintas situacións cotiás relacionadas ca lingua: uso nos medios, presenza en Internet, uso nas saídas.

- Achegar ao alumnado ao mundo das Tics, animándoos a elaborar materiais en galego (por exemplo blogues) e a navegar por páxinas na súa lingua con contidos actuais conectados con temas do seu interese (música, deportes)
- Utilizar diversidade de soportes para o uso da lingua escrita e oral.
- Implicar activamente ó alumnado no contacto con outros centros: con visitas, intercambios epistolares, por email vídeos...

D-4 Situación lingüística do centro

4.1 presenza do galego na documentación administrativa, rotulado, actas, cartas, taboleiros, comunicacións orais e escritas.

4.2 emprego do galego nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coa familias e con outras institucións.

4.3 emprego do galego nas interaccións informais

4.4 emprego do galego por parte do persoal de administración e Servizos. Temos constancia que é a lingua utilizada por todo o persoal de administración e servizos.

4.5 emprego do galego por parte da ANPA. Nas comunicacións co centro e co resto de pais e nais que forman a Asociación de Pais e Nais.

4.6 emprego do galego nas actividades complementarias e extraescolares.

4.7 fondos en galego na biblioteca, que aumentan ano a ano, buscando novidades editoriais que acerquen ó alumnado á lectura en galego. Dende a Biblioteca promóvense

actividades de fomento da lingua galega, concursos, contacontos, clubs de lectura, exposicións.

4.8 TICS en galego. Formarnos en materia das TICS para poder obter todo o seu potencial como ferramenta e soporte da nosa lingua

Obxectivos e medidas adoptadas para a mellora da situación lingüística do centro

- Participar no deseño e confección de actividades extraescolares en colaboración con este departamento.
- Ser autocríticos para mellorar como dinamizadoras avaliando proxectos iniciados En cursos anteriores.
- Continuar co proxecto extraescolar: “Coñece o teu contorno”, que recibiu no curso 2007-2008 un Premio á Innovación en Normalización Lingüística.
- Coordinar a organización das actividades do Día das Letras Galegas.
- Apoiar e suxerir actividades que fomenten o uso da lingua galega: revista, boletíns, representacións teatrais, audicións musicais, etc.
- Fomentar o uso da lingua galega nas novas tecnoloxías e divulgar os recursos que existen na rede en lingua galega.
- Potenciar a reflexión na comunidade escolar sobre a situación da lingua galega .
- Mantemento e actualización do Taboleiro da Lingua con eventos, actividades, noticias que se refiran á lingua e a cultura galegas. Consolidar o grupo de teatro clásico Finxideira. Que ven representando obras de teatro clásico en galego dende hai varios anos.
- Sensibilizar e informar sobre distintas problemáticas sociolingüísticas que se detecten.
- Divulgar experiencias innovadoras no centro: a través da revista, páxina web...
- Adquirir material bibliográfico e multimedia de interese para o profesorado e
- alumnado, informándoos de software, plataformas, que traballen con recursos
- en galego.
- Apostar polo audiovisual en galego.
- Facernos eco de distintas campañas que propoñen distintas institucións, asociación, prensa, publicacións, estas campañas serán penduradas nos taboeiros informativos, que temos no centro destinados ó fomento do galego.

D- 5. Outros datos: Alumnado inmigrante

5.1 porcentaxe de alumnado inmigrante 3%.

5.2 procedencia do alumnado inmigrante. Maioritariamente latinoamericano, destacando por nº alumnado colombiano, dominicano, Hondureño, brasileiro e romanés .Algún máis Suízo ou francés procedente da emigración galega en Europa, nos anos setenta.

5.3 competencia lingüística do alumnado inmigrante. Normalmente é moi baixa en todas as linguas. Entran nos cursos por idade, e presentan graves dificultades comunicativas de forma oral e escrita.

Temos actuacións específicas que están recollidas no protocolo de acollida do alumnado inmigrante, para intentar salvar os problemas de comunicación que existen.

E. EXENCIONES DE LINGUA GALEGA:

O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en Educación Secundaria Obrigatoria ou en Bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, poderá obter a exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos académicos consecutivos. Pódese aplicar a exención en calquera curso que se incorpore.

O alumno ou alumna terá que asistir obrigatoriamente ás clases de lingua galega como medio de integración lingüística e coa finalidade de que, co esforzo persoal adecuado, con materiais didácticos específicos e co apoio e axuda continua do profesorado poida ter ,ó final do prazo da exención,un dominio adecuado da lingua galega, e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou vaia a matricularse en igualdade de condicións ca os demais compañeiros-as da clase.

Para o alumnado procedente de países estranxeiros con lingua distinta ao castelán os departamentos de Lingua Galega, Lingua Castelá e Orientación coordinarán un plan

individualizado que teña como obxectivo a progresiva competencia lingüística nas dúas linguas cooficiais.

O incumprimento por parte do alumno, do deber de esforzarse para aprender a lingua da exención poderá, tras un informe ós pais nais ou titores legais, levar á revogación da exención.

As solicitudes de exención presentaranse para cada ano académico dirixidas ós/ás directoras-es do centro. Se concederán en un prazo máximo de 10 días.

F- RELACIÓN DO CENTRO CO EXTERIOR

- Estableceranse liñas de actuación entre o Instituto e os servizos culturais e educativos do Concello, en prol da normalización lingüístico-cultural que se poidan. Coa biblioteca municipal Florencio Delgado Gurrarán.
- Fomentarase a colaboración co CEIP Condasa de Fenosa para unificar criterios lingüísticos, garantindo, así, a continuidade dun centro a outro.
- Fomentarase a colaboración coas entidades culturais e asociativas do contorno do centro escolar para a organización de actividades conxuntas que contribúan a unha mellora da valoración social da lingua e cultura galegas.
- Fomentarase a colaboración do consello escolar e da ANPA neste tema.
- Toda a propaganda do centro irá en Galego.
- Continuarase a potenciar a realización de cursos de Galego nas instalacións do I.E.S. Lauro Olmo como CELGA, de diferentes niveis ou linguaxe administrativo, abertos á bisbarra valdeorresa.

G- PLAN DE AVALIACIÓN

Todos os cursos avaliaremos as actuacións que se fixeron no centro:

G-1 Avaliación sobre a identificación correcta de necesidades e problemas, que se plantexen cada ano para variar actitudes e poder mellorar.

G-2 Avaliación da idoneidade das medidas propostas. Algúns dos criterios son:

- Simplicidade das medidas adoptadas.
- Efectividade na consecución dos obxectivos.
- Aceptación das medidas polos distintos colectivos.

C) Avaliación e análise das medidas tomadas e os proxectos postos en práctica.

D) Avaliación final de reflexión onde se decidirán e valorarán que medidas continuarán e cales consideramos programas esgotados.

❖ A persoa responsable do E.D.L.G. coordinará a elaboración dunha memoria final ao remate de cada curso

ADENDA

A-VALORACIÓN DO CURSO NO FOMENTO DO USO DO GALEGO.

A valoración é moi positiva continuamos traballando na mellora do uso da nosa lingua dende todos os ámbitos.

Foron moi positivas as actividades realizadas dende normalización:

- Coñece o teu contorno.
- Certame de teatro clásico.
- Coñecemento e participación nas tradicións populares de valdeorras: Entroido(o meco di) samaín, Maíos.
- Contacontos.
- Lectura nas aulas.
- Grupos de lectura da biblioteca.
- Vixiantes de lecer.
- Coñece o traballo no orto.
- Percorrendo a vía XVIII en Valdeorras.
- Semana das letras galegas.
- Campaña fala a túa lingua.
- Campaña dillo en galego, cartas de amor.
- Concurso de postais de Nadal.

PROFESORADO : Logramos que o profesorado que non se expresa en galego fomente o uso desta lingua de forma espontánea nas súas clases. E incluso que o profesorado doutras linguas, explique que nun mundo global como o que temos na actualidade todas as linguas dan riqueza e aumentan as posibilidades de traballo e desprazamentos na procura dun futuro mellor.

Compromiso do profesorado, non só do de galego, na corrección léxica e expresiva do noso alumnado.

ALUMNADO: Fomentamos o uso da comunicación oral en galego, en debates na liga de debate, sobre actualidade que se realizaron ó longo do curso e no uso diario nas aulas, cafetería, secretaría etc.

PAIS E NAIS- Implicamos ós país e nais a través da ANPA na semana das letras galegas e nas xornadas sobre o mundo empresarial, presentando ós emprendedores do laboratorio de empresas da zona.

TRABALLO NO QUE TEMOS QUE INSISTIR

- Prever estratexias para facilitar o léxico específico das diferentes materias, e para dominar as formas textuais propias de cada materia.
- Coordinación entre os departamentos de áreas lingüísticas para unificar criterios de corrección, manexar a mesma terminoloxía, evitar excesivas repeticións de contidos,
- Incluir na orde do día das convocatorias de Claustros do profesorado e outras reunións informacións e cuestións relativas ó uso do galego que merezan a reflexión sobre o uso da lingua.
- Continuar coa implicación do profesorado non de linguas para a valoración e avaliación da competencia en lingua galega.
- Continuar implicando á comunidade educativa na potenciación do uso do galego.

B - DISTRIBUCIÓN DAS MATERIAS SEGUNDO AS LINGUAS en base ó decreto de plurilingüismo

Áreas e módulos que deben impartirse en galego e castelán

	Galego	Castelán
ESO (art.7)	Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias da Natureza, Bioloxía e Xeoloxía,	Matemáticas, Tecnoloxías Física e Química.
Bacharelato (art.8)	Oferta equilibrada na mesma porcentaxe, en galego e en castelán, de materias comúns, de modalidade e optativas.	
FP e ensinanzas artísticas e deportivas. (art.9)	Oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán	
	En todos os módulos garantírase que o alumnado coñeza o vocabulario específico nas dúas linguas oficiais.	

<p>Ensinanzas de persoas adultas (art.10)</p>	<p>O desenvolvemento das ensinanzas debe asegurar que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.</p>
<p>Ensinanzas de materias en linguas estranxeiras (art. 21)</p>	<p>A impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s) pode chegar ata un máximo dun terzo do seu horario lectivo semanal en lingua(s) estranxeira(s).</p>

1-EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA: Na Educación Secundaria Obrigatoria ordinaria e de Adultos hai que garantir que, como mínimo, alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. De acordo coa lexislación vixente impartiranse as seguintes materias:

- **EN LINGUA GALEGA**

- Lingua e Literatura Galega
- Ciencias da Natureza
- Ciencias Sociais, Xeografía e Historia
- Bioloxía e Xeoloxía,
- Educación para a Cidadanía e Dereitos humanos
- Latín
- Ética
- Debuxo

- **EN CASTELÁN**

- Lingua e literatura Castelá
- Física e Química .
- Matemáticas.
- Tecnoloxía.
- Música.
- Relixión
- Informática

- Iniciación á Electricidade
- Educación Física.

As materias de Inglés e Francés se impartirán nestas linguas.

2- BACHARELATO

• **EN LINGUA GALEGA**

- Lingua e Literatura Galega
- Filosofía
- Historia de España
- Xeografía
- Latín.
- Grego.
- Ciencias da Terra e Medioambientáis.
- Economía
- Bioloxía.
- Hª Contemporánea.
- Métodos Estatísticos e Numéricos.
- Ciencia para o Mundo Contemporáneo.
- Xeografía e Historia de Galicia.

EN CASTELÁN

- Lingua e Literatura Castelá.
- Literatura Universal
- Tecnoloxía.
- Electrotecnia.
- Física e Química.
- Física.
- Química.
- Matemáticas.

- Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais.
- Música.
- Hª da Arte.
- Relixión Católica.
- Educación Física.

As materias de Inglés e Francés se impartirán nestas linguas.

3- CICLOS FORMATIVOS:

- **CM XESTIÓN ADMINISTRATIVA**

MATERIAS EN GALEGO

- Operacións administrativas de compra e venda
- Empresa na aula
- Tratamento Informático da información.
- Empresa e administración.
- Comunicación empresarial e atención á clientela.
- Técnica contable

MATERIAS EN CASTELÁN

- Operacións administrativas e de recursos humanos
- Xestión loxística e comercial.
- Operacións auxiliares de tesourería.
- Tratamento da documentación contable

- **CS ADMINISTRACIÓN E FINANZAS**

MATERIAS EN GALEGO

- Xestión da documentación xurídica e empresarial.

- Comunicación empresarial e atención á clientela.
- Contabilidade e fiscalidade.
- Recursos humanos e responsabilidade corporativa
- Xestión financeira.

MATERIAS EN CASTELÁN

- Ofimática e proceso da información.
- Xestión loxística e comercial.
- Proceso Integral da actividade comercial
- Simulación empresarial.

CM ELECTROMECÁNICA DE VEHÍCULOS

MATERIAS EN GALEGO

- Motores.
- Sistemas auxiliares do motor
- Mecanizado Básico.
- Sistemas de Seguridade
- Sistemas de Carga e arranque

MATERIAS EN CASTELÁN

- Circuitos de Fluídos
- Sistemas de transmisión e freado
- Circuitos eléctricos

- **CM INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS E AUTOMÁTICAS**

MATERIAS EN GALEGO

- Instalacións eléctricas de interior.

- Instalacións comúns de telecomunicacións
- Instalacións demóticas.
- Electrónica.
- Iniciación á electricidade
- Informática.

MATERIAS EN CASTELÁN

- Instalacións de distribución.
- Electrotecnia
- Automatismos industriais.
- Máquinas eléctricas.
- Instalacións fotovoltaicas.

- **CM PEITEADO E COSMÉTICA CAPILAR**

MATERIAS EN GALEGO

- Imaxe Corporal e Hábitos saudables.
- Peiteados e recollidos
- Cosmética para o peiteado.
- Técnicas de corte de cabelo
- Cambios de forma permanente no cabelo

MATERIAS EN CASTELÁN

- Estética de mans e pes
- Peiteado e estílesmo masculino
- Análise Capilar
- Marketing e venda en imaxe persoal
- Coloración Capilar

ZM ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

MATERIAS EN GALEGO

- Apoio e Comunicación
- Organización
- Formación e orientación laboral
- Destrezas sociais

MATERIAS EN CASTELÁN

- Teleasistencia
- Apoio Domiciliario
- Empresa e Iniciativa Emprendedora

FP BÁSICA MANTEMENTO DO MOTOR

MATERIAS EN GALEGO

- Ámbito científico.
- Ámbito Lingüístico
- Superficies

MATERIAS EN CASTELÁN

- Amobiles
- Mecanizado